



ANUNCIO DA RELACIÓN DE APROBADOS

Concluída a realización do primeiro, segundo exercicio e a valoración de experiencia e méritos en relación co proceso de selección de persoal para cubrir unha praza de Auxiliar Administrativo, vacante no Concello de As Nogais, en réxime de interinidade, mediante o sistema de Concurso-oposición.

Característica da praza:

— Grupo: C; Subgrupo C.2; escala: Administración Xeral; subescala: Auxiliar Administrativo; número de vacantes: Unha.

A relación definitiva de aspirantes por orde de puntuación é a seguinte:

— Fernández Pérez Sonia, NIF 33.337.045 V, puntuación 41,944.

Atendendo á anterior lista, propónse o nomeamento a favor de:

— Fernández Pérez Sonia, NIF 33.337.045 V

Os aspirantes propostos deberán achegar ante este concello, no prazo de cinco días naturais desde a publicación deste anuncio, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

As persoas que tiveren a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento. Deberán presentar unicamente a certificación do organismo do que dependan, na que se acrediten a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

Advírtese que as persoas que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presenten a documentación ou dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos esixidos non poderán ser nomeados; neses casos, quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

As Nogais, 10 de novembro de 2017

**Documento asinado electrónicamente*

Concello de As Nogais

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150